Esta última, actúa representada por D. Alfonso Pérez Santos, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de poder xeral para pleitos, outorgada na data 16/01/2024, ante o Notario de San Cugat del Vallés, D^a M^a Concepción Alonso Vasallo, co número 43 de protocolo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 6453KRX. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local no informe emitido na data 27/10/2025, dispón:**
 - *"(…), fuimos requeridos a través de la Sala Operativa de la Policía Local, comunicando que en la carretera AC-305 a la altura del lugar de Lombas, de la parroquia de Palmeira, del Concello de Ribeira, se habían producido daños en un vehículo que circulaba por la citada vía, provocados por los jardineros del Concello, que estaban desbrozando las aceras de la calle, Parte de Servicio con número 12329, ratificándonos en lo expuesto en el citado Parte de Servicio. En el lugar se realiza una inspección ocular, observando la fractura del cristal de la luna delantera del vehículo, posiblemente provocados por la proyección de piedrecillas, al utilizar las máquinas de desbroce. Que, tras ponernos en contacto con el responsable de los operarios, nos confirma que se estuvo realizando labores de limpieza en la zona referenciada, desconociendo cual de ellos pudo ser el causante ya que eran varios los que realizaban las labores de desbroce."*
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 06/10/2025 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** *"El día 24 de septiembre de 2024, los operarios de desbroce estuvieron realizando labores de este tipo en la Parroquia de Palmeira a la altura del número 71 de la Calle de Galicia, de este término municipal, y durante las mismas se ocasionaron daños en el vehículo FORD FOCUS con matrícula 6453KRX en el citado lugar. Se dio cuenta de lo sucedido a la Policía Local (...)"*.



Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 6453KRX e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución da Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/11/2025, e o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/11/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. ALFONSO PEREZ SANTOS, en nome e representación de OCCIDENT GCO S.A.U COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 631,92 €, mais os xuros que legalmente correspondan, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 481,92 €, mais os xuros que legalmente correspondan.

22.- VAO PERMANENTE - Francisco Javier Fernández Muñiz

Visto o escrito presentado por **Francisco Javier Fernández Muñiz**, de data 14/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.440), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Pérez Galdós, nº 19 (Ribeira).

Visto o informe de data 24/11/2025 emitido en sentido desfavorable pola Policía Local, no que sinala:

"INFORME:

1. *Viabilidad de la solicitud*
 - o *No procede otorgar el vado permanente solicitado, dado que el interesado carece de garaje en el inmueble indicado. La petición se formula con el fin de poder estacionar en la vía pública, en la calle Pérez Galdós, vía peatonal con acceso restringido únicamente a vehículos autorizados y destinados a garajes.*
2. *Características de la solicitud:*
 - o *Se solicita una longitud total de 3 metros de reserva, y capacidad para 1 vehículo*
3. *Recomendaciones técnicas:*
 - o *Sin embargo, según lo dispuesto en el artículo 14.1 de la Ordenanza de Circulación, "la instalación o acondicionamiento de locales como garajes requiere previa autorización municipal, que no se otorgará de no demostrarse que el local va a ser destinado a tales efectos". Asimismo, esta autorización está supeditada, entre otros requisitos, al informe preceptivo de la Policía Local.*

CONCLUSIÓN:

Dado que el inmueble no reúne la condición de garaje ni se acredita su destino como tal, no es posible autorizar el vado permanente solicitado. Si el solicitante necesita acceder a la calle peatonal con su vehículo, sería conveniente que solicitara la autorización correspondiente mediante una llamada telefónica a la Policía Local."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Non autorizar a Francisco Javier Fernández Muñiz a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Pérez Galdós, nº 19 (Ribeira), polos motivos sinalados no citado informe policial.



23.- VAO PERMANENTE - María Antonia Vilas Gago

Visto o escrito presentado por **María Antonia Vilas Gago**, de data 18/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.670), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Miñoteiro, nº 20 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 23/11/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a María Antonia Vilas Gago**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Miñoteiro, nº 20 (Palmeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela da entrada ao garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

24.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E CRUZ VERMELLA DE RIBEIRA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cruz Vermella de Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuir a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. “Promoción do éxito escolar”.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 18/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cruz Vermella de Ribeira; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48017 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

25.- SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN NA RÚA TERUEL (RIBEIRA) E AMPLIACIÓN DE VAO PERMANENTE – Tomasa Fernández Santamaría e María Arca Nieto

Vistos os escritos presentados por **Tomasa Fernández Santamaría e María Arca Nieto**, de datas 01/10/2025 e 10/11/2025 (Rexistros de entrada nº 23.684, 23.726 e 27.033), nos que solicita a ampliación (6 m.) do vao permanente nº 11/95, así como a reinstalación do sinal de prohibido



estacionar na Rúa Teruel (Ribeira).

Visto o informe/proposta emitido ao respecto pola Policía Local, de data 17/11/2025, no que sinala:

“Antecedentes

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda, Vías e Obras, María Herminia Pouso Maneiro, solicitouse Informe/Proposta da Policía Local, para solucionar a problemática que veñen padecendo as persoas usuarias do garaxe con Vao Permanente núm. 11/95, localizado na Rúa Teruel. A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, atribúe no seu artigo 8, letra b) aos Corpos de Policía Local a función de “Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no chan urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria”.

Así, en base a tal atribución, quen subscribe fai a seguinte:

Proposta de sinalización na Rúa Teruel

PRIMEIRO. A Rúa Teruel, é unha vía urbana localizada no Barrio de Bandaourrío. O tramo obxecto desta proposta é o pequeno treito comprendido entre a Rúa Portugal e a Rúa Manzanares. No entronque desta última vía atópanse instalados dous pivotes de pedra que imposibilitan o xiro á esquerda dos automóviles que circulan pola mesma, xa que logo o único acceso ao garaxe con Vao 11/95 é pola Rúa Portugal, debendo os usuarios entrar e saír polo mesmo lugar, feito que leva implícito manobras de diferente índole, para as cales se precisan dun maior ancho de vía.

SEGUNDO. A marxe esquerda deste treito de vía está regulado cunha marca viaria lonxitudinal continua amarela, a cal prohibe tanto o estacionamento como a parada. Pola súa banda a marxe dereita carece de sinalización mais ala da prohibición de estacionar diante da entrada do garaxe. Estas dúas circunstancias conlevan que os vehículos estacionen na marxe dereita da vía que queda fora do portal do garaxe, dificultando ou chegando a impedir as manobras necesarias para o acceso/saída. Atopamos ademais, como dificultade engadida, a terraza instalada na vía pública, de carácter estable, pertencente ao establecemento hostaleiro A Caseira.

TERCEIRO e DERRADEIRO. Á vista do exposto, quen subscribe considera que é preciso a adopción de dúas medidas:

- 1. A colocación dunha sinal circunstancial (S-28), que prohiba a circulación e o estacionamento neste pequeno treito de vía a calquera vehículo de motor, agás dos usuarios deste garaxe, dotándoa dun carácter peonil a semellanza da Rúa Manzanares, evitando tamén que as persoas condutoras descoñecedoras da existencia dos pivotes antes mencionados, accedan e se atopen bloqueadas.*
- 2. O pintado dunha nova marca viaria amarela na marxe dereita ata a Rúa Manzanares, xa que a actual na marxe esquerda, pode levar ao incorrecto entendemento por parte dos condutores, de que a prohibición rexe soamente na dita marxe esquerda.”*

A Xunta de Goberno Local, en base ao anteriormente exposto, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Aprobar a colocación dunha sinal circunstancial (S-28), que prohiba a circulación e o estacionamento neste pequeno treito de vía a calquera vehículo de motor, agás dos usuarios deste garaxe, dotándoa dun carácter peonil a semellanza da Rúa Manzanares, evitando tamén que as persoas condutoras descoñecedoras da existencia dos pivotes antes mencionados, accedan e se atopen bloqueadas.
- Non autorizar o pintado dunha nova marca viaria amarela na marxe dereita ata a Rúa Manzanares, xa que a actual na marxe esquerda, pode levar ao incorrecto entendemento por parte dos condutores, de que a prohibición rexe soamente na dita marxe esquerda.

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Sandra Oujo Martínez (O CUCO)

Foi retirado da orde do día por celebrarse o evento en data anterior, o escrito presentado por **Sandra Oujo Martínez** en representación establecemento “**O Cuco**” (Ribeira), de data 21/11/2025 (Registro de entrada nº 28.003), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “O Cuco” (Ribeira), o día 21/11/2025, en horario de 20:30 h. a 22:30 h.

27.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA Á ANPA DO CEIP FRÍONS, PARA A REALIZACIÓN DUN FESTIVAL DE NADAL

LOGO DE VER que A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS FRÍONS COLEXIO PÚBLICO FRÍONS, presenta escrito de data 02/09/2025, con número de rexistro de entrada municipal 20.688, solicitando:

“O POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA PARA PODER CELEBRAR O FESTIVAL DE NADAL DO COLEXIO O 19 DE DECEMBRO DE 2025 DE 15:00 A 21:00 POR CARECER DUN ESPAZO CUBERTO PROPIO E ADECUADO PARA ACOLLER A LO MENOS 150 PERSOAS. A ACTIVIDADE SERÁ DESTINADA PARA SOCIOS DA ANPA SEN ÁNIMO DE LUCRO. CONTAREMOS CON DJ PARA A MÚSICA, HINCHABLES E MERENDA. O TEMPO REQUERIDO ALBERGA A MONTAJE E DESMONTAXE DE DITA ACTIVIDADE”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
- O pavillón A Fieiteira, non ten actividade programada para a data solicitada, excepto os adestramentos do Club Baloncesto Barbanza (que en caso de acceder ao solicitado terían que ser suspendidos).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 24-11-25, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 24-11-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Se procede, sexa autorizada a cesión do polideportivo A Fieiteira”, para a celebración dun festival de Nadal, cos seguintes condicionantes:

- A autorización será **gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **venres 19 de decembro de 2025 de 15.00 h. a 21.00 h.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB NATACIÓN RIBEIRA, PARA A CELEBRACIÓN DA "FINAL GALEGA DE NADA E CORRE"

LOGO DE VER que Dña. María Villar Loureiro, en representación do Club Natación Ribeira, presenta escrito de data 11/10/2024, con número de rexistro de entrada municipal 25.566, solicitando:

"O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2025 SE VAI CELEBRAR NO COMPLEXO DEPORTIVO DA FIEITEIRA A FINAL GALEGA DO NADA E CORRE. POR TODO ISTO DESDE O CLUB NATACION RIVEIRA SOLICITAMOS A UTILIZACIÓN DA PISCINA DENDE AS 9.00 DA MAÑÁ ATA AS 12.00 E A PISTA DE ATLETISMO DENDE AS 11.30 ATA AS 14,30. POSTERIORMENTE SOLICITAMOS A PISTA DE BALONCESTO PARA A ENTREGA DE PREMIOS".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *"Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. A piscina municipal "María Vilas", o estadio de atletismo "Ana Peleteiro" e o polideportivo A Fieiteira non teñen actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
4. En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar as zonas anteriormente mencionadas (piscina, estadio e polideportivo) ao público durante o período de cesión.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 24-11-25, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 24-11-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Se procede, sexa autorizado o uso da piscina municipal "María Vilas", o estadio de atletismo "Ana Peleteiro" e o polideportivo A Fieiteira ao Club Natación Ribeira, para a celebración da "Final Galega de Nada e Corre", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso das instalacións será só para o **domingo 14 de decembro de 2025**:
 - **De 09.00 a 12.00 horas, a piscina "María Vilas"**.
 - **De 11.30 a 14.30 horas, o estadio de atletismo "Ana Peleteiro"**.
 - **De 14.00 a 15.00 horas, o polideportivo "A Fieiteira"**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

29.- ADXUDICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA FAVORECER A AUTONOMÍA E ACCESIBILIDADE, ANO 2025

Vista a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Brício, de data 24/11/2025, relativa á convocatoria para a concesión de axudas económicas individuais para favorecer a autonomía e accesibilidade, ano 2025.

Visto o informe da Comisión avaliadora e en base aos criterios establecidos nas bases da convocatoria, publicadas no BOP Nº 144, do xoves 31 de xullo de 2025,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Solicitudes admitidas:

Nº REXISTRO	PERSOA SOLICITANTE	SIT.ECONÓMICA	DISCA/DEPENDENCIA	VIVENDA	TOTAL	CONTÍA
202500023571	S.G.G	45	25	15	85	2.000 €
202500023210	R.M.L	45	25	0	70	600 €
202500022637	F.J.G.S	45	15	0	60	300 €
202500023759	J.A.T.P	15	45	0	60	143 €
202500023579	M.R.P.F	45	15	0	60	1.500 €
202500022456	J.C.F.S	5	45	0	50	1500 €



202500020662	E.M.M	15	15	15	45	1.331 €
202500023069	M.M.S	0	45	0	45	1.500 €
202500023596	D.P.G	0	45	0	45	2.000 €
202500020784	M.J.P.G	15	25	0	40	1.485 €
202500022527	D.G.S	0	25	15	40	2.000 €
202500023342	A.R.M	0	25	15	40	2.000 €
202500023758	J.P.M	35	0	0	35	300 €
202500023042	C.G.P	15	0	15	30	2000 €
202500023619	V.S.L	15	15	0	30	600 €

- Solicitudes excluídas e motivo da exclusión:

Nº REXISTRO	PERSOA SOLICITANTE	SIT. ECONÓMICA	DISCA/DEPENDENCIA	VIVENDA	TOTAL	MOTIVO EXCLUSIÓN
202500022318	A.C	45	0	0	45	Non cumpre criterio 9.2 das bases
202500023454	M.A.M.A	35	0	0	35	Non cumpre criterio 9.2 das bases
202500022255	M.J.G.R	0	45	0	45	Non presenta certificado estar ao corrente de pago da Seguridade Social
202500020785	M.R.L.Q	35	45	0	80	Non cumpre criterio 9.2 das bases
202500022324	R.A.P.P	45	15	0	60	Non procede
202500022323	E.P.P	45	15	0	60	Non procede
202500023487	C.G.T	0	45	0	45	Supera capacidade económica
202500020664	M.S.Q.M	15	25	0	40	Criterio 8.C das bases
202500023627	M.C.M.M	0	15	15	30	Supérase límite de crédito
202500022830	F.G.G	0	25	0	25	Supérase límite de crédito
202500023201	J.A.P	0	25	0	25	Supérase límite de crédito
202500023336	D.M.S	0	25	0	25	Renuncia tácita
202500023335	B.G.M	0	25	0	25	Non se contempla na convocatoria
202500020395	E.M.M	0	15	0	15	Supera ingresos
202500020940	E.G.L	0	15	0	15	Supera ingresos
202500023313	J.R.G	0	0	15	15	Supérase límite de crédito
202500022500	C.G.S	0	15	0	15	Supera capacidade económica
202500022377	M.C.M.F	0	0	0	0	Supera ingresos
202500022536	M.T.G.P	0	0	0	0	Supérase límite de crédito
202500022749	M.G.P	0	0	0	0	Supérase límite de crédito
202500022746	J.P.C	0	0	0	0	Supera ingresos
202500023107	M.C.S.S	0	0	0	0	Supera ingresos
202500023115	E.A.F	0	0	0	0	Supérase olímite de crédito
202500023430	C.P.R	0	0	0	0	Supera capacidade económica

Rematado o prazo de alegacións e consultada a documentación requirida, procédese á publicación da **resolución definitiva** das persoas beneficiarias das axudas económicas individuais para favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade do ano 2025.

Os documentos requiridos dependeron da actuación de terceiros, cuxo prazo de execución excede o tempo outorgado pola convocatoria. O retraso é consecuencia de incidencias técnicas alleas aos interesados.

A ampliación do prazo, permitirá completar adecuadamente o expediente e garantir unha resolución beneficiosa para o interese público.

As persoas beneficiarias dispoñen ata o **12 de decembro do 2025** para xustificar as actuacións que foran obxecto da axuda.

30.- CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, LIÑAS DE COMEDOR E ACTIVIDADES (CENTROS EDUCATIVOS E ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS) - ANO 2024

Vista a proposta emitida pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 25/11/2025, relativa á concesión de subvencións para centros educativos e ANPAs, Liñas de Comedor e de Actividades, ano 2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a contía dos importes de subvención que corresponden aos centros educativos e ANPAs, segundo o contido da citada proposta, e que a continuación se relacionan:

Liña comedor

ENTIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN	IMPORTE QUE DEBEN XUSTIFICAR
ANPA Palmeira	723,35	2.411,16
ANPA A Gándara de Artes	425,5	851
ANPA A Guía	553,15	1.106,3
ANPA do CEEPR Amigos	425,5	851
ANPA Heroínas de Sálvora	553,15	1.106,3
ANPA CEIP O Grupo	765,9	2.553
ANPA EEI Deán Grande	553,15	1.106,3

Liña actividades

ENTIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN	IMPORTE QUE DEBEN XUSTIFICAR
ANPA Palmeira	561,45	2.807,25
ANPA Sagrado Corazón	472,8	945,6
CEIP de Frións	472,8	945,6
ANPA Monte Tahume de Oliveira	384,15	768,3
ANPA A Gándara de Artes	225,50	451
ANPA A Guía	354,6	709,2
CEIP O Grupo	472,8	945,6



ANPA CEIP de Frións	220	440
CEIP de Artes	354,6	709,2
ANPA Santa Uxía do CEIP O Grupo	531,9	1.834,14
CEP de Carreira	325,05	650,1
ANPA do CEEPR Amicos	413,7	1798,69
CEIP Heroínas de Sálvora	443,25	886,5
ANPA IES Leliadoura	100	200
ANPA EEI Deán Grande	325,05	650,1

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN APERTURA EXTRAORDINARIA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación da Praza de Abastos de Ribeira

Visto o escrito presentado por Juana María Gómez Pazos en representación da **Asociación da Praza de Abastos de Ribeira**, de data 18/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.746), no que solicita autorización para proceder á apertura do Mercado Municipal de Ribeira o día 06/12/2025 (Festivo nacional), por interese xeral dos praceiros e consumidores, e contribuir ao normal desenvolvemento da actividade comercial nun período de especial afluencia polas compras de Nadal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a apertura do Mercado Municipal de Ribeira o día 06/12/2025 (Festivo nacional).

32.- SOLICITUDE DE CESIÓN POLIDEPORTIVO TORRES COLOMER A EMPRESA CONGALSA, S.L. PARA A CELEBRACIÓN DA CEA DE EMPRESA

LOGO DE VER que D. Juan Carlos Rama Bermúdez, con DNI: ***792***, en representación da empresa “Congalsa, S.L.”, presenta escrito de data 15-09-2025, con número de rexistro de entrada municipal 21.880, solicitando:

“O uso do polideportivo municipal Torres Colomer, para a celebración da festa de nadal da empresa, que terá lugar o venres 19 de decembro.

Así mesmo solicitamos a dispoñibilidade no día precedente para a montaxe, no propio día e na mañá do día seguinte para poder recoller.”

E DE VER o informe-proposta do técnico de Deportes municipal de data 24-11-25, e da proposta de resolución do concelleiro de deportes de data 24-11-25, favorables á mesma con condicionantes.

De conformidade co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) e o Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos; **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión do polideportivo Torres Colomer, á empresa Congalsa, S.L., nos días e horarios solicitados, xoves 18 de decembro (montaxe de evento), venres 19 de decembro (montaxe e celebración do evento) e sábado 20 de decembro pola mañá (desmontaxe de infraestrutura) cos seguintes **condicionantes**:

1º) Deberá proceder ao pago da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F polo importe de **2.150,50 euros** (860,20 € x 2 xornadas completas + 430,10 € media xornada) con unha anterioridade mínima de 48 horas á celebración do evento, previa liquidación da Tesouraría municipal segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza Fiscal. Tamén deberá facer o pago da taxa correspondente á recollida de basura de instalacións deportivas, por un importe de **77,74 euros**.



2º) Deberá achegar á Oficina de Deportes con unha antelación mínima de 48 horas á celebración do Evento a seguinte documentación:

- 1 – Xustificante de pago da taxa especificada no apartado anterior (**2.150,50 € + 77,74 €**).
- 2 – Copia da póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa.
- 3 – Copia do recibo do pago desa póliza.
- 4 – Declaración responsable asinada polo promotor de evento, comprometéndose a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego (limpeza e orde), respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
 - De no achegar a documentación indicada, non poderá acceder ás instalacións.

Aprobar a liquidación por importe de **2.150,50 euros** (860,20 € x 2 xornadas completas + 430,10 € media xornada) que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), máis **77,74 euros** correspondentes a taxa de recollida de lixo de instalacións deportivas municipais), dando conta do presente acordo á Tesouraría municipal para emitir á Carta de Pago correspondente.

Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan.

33.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN AGAPE

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Agape.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. “Proxecto de atención psicopedagóxica para menores con trastorno do espectro autista”.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 26/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Agape; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48027 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.